

De amor e desamor: 25 anos

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2009]). “De amor e desamor: 25 anos”. *Galicia Hoxe*: 23 de xaneiro, 29. <http://www.galiciahoxe.com/index_2.php?idMenu=86&idNoticia=387589>. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1243>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2009). “De amor e desamor: 25 anos”. *Galicia Hoxe*: 23 de xaneiro, 29. <http://www.galiciahoxe.com/index_2.php?idMenu=86&idNoticia=38758>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 14 de outubro de 2011 a partir do URL indicado. Consulta: 14/10/2011.

DE AMOR E DESAMOR: 25 ANOS

Xabier Cordal

A asociación cultural coruñesa Alexandre Bóveda celebrará os 25 anos do grupo *De Amor e Desamor* cun recital poético que se ha repetir, agás os meses de xullo e agosto, cada martes ás oito e media do serán. *De Amor e Desamor* deu título tamén a dous volumes, hoxe descatalogados, que incluían textos do grupo e se presentaran (1984 e 1985, Edicións do Castro) na cidade herculina. A intención é pechar o ciclo cunha gala e levar o formato, se for posible, a outras urbes galegas. Prepárase ademais a publicación dunha nova entrega ilustrada polo colectivo Atlántica.

Integraron *De Amor e Desamor* Lino Braxe, Xosé Devesa (Jose M^a Monterroso Devesa), Miguel Anxo Fernán-Vello, Miguel Mato Fondo, Pilar Pallarés, Lois Pereiro, Manuel Rivas, Franciso Salinas Portugal, Xavier Seoane e Xúlio Valcárcel. Moitos destes nomes afianzáronse como referencia inescusable da poesía galega contemporánea e, salvo excepcións, non deixaron de enviar obras ao prelo durante as décadas seguintes, aínda que varios deles fixeron incursións na narrativa, no teatro e no ensaio.

De Amor e Desamor xorde en 1984. O fervor poético da Coruña artellaba ao inicio dos oitenta unha mesta rede que tería como nodos a Asociación Cultural O Facho, a propia Alexandre Bóveda ou o Colexio Universitario, situado daquela nuns barracóns próximos ao estadio municipal. Resultaba habitual que cafeterías e bares (Borrazás, taberna Dobao, La Barra...) funcionasen como puntos de encontro. Á calor dos cafés e das tazas íanse sumando outros nomes; antes de que o xermolo da Universidade da Coruña se trasladase á Zapateira, as barracas de Riazor viron nacer colectivos coma Ilha quente de nengures (1984). Varios dos seus integrantes gardaban aínda tempo para promoveren revistas (*Os habitantes do lago*, 1984; *Luzes de Galiza*, 1985) ou iniciativas poéticas: o Colectivo Edral, sección da A.C. O Facho, abriu o histórico local da rúa Federico Tapia ás voces emerxentes. En torno ao Ilha quente, que escollera o tándem recital-libreto como modo de expresión con Xosé Mato facendo de brillante mestre de cerimonia, dixeron algúns dos seus primeiros versos, entre outras, Lino Braxe, Fernán-Vello, Flor Maceiras, Samuel Rodríguez, Rivadulla Corcón, Miguel A. Montes -antes de mutar en Miki Montes e no cantante de blues Miki Nervo-, Henrique Rabunhal, Miguel Mato, António Gil Hernández e Júlio Béjar.

Estética, sensualidade e linguaxe pulcra

“Estou interesado en reflexionar nunha sensualidade que eu diría galega”, declaraba Miguel Anxo Fernán-Vello, por aquel tempo, a un suplemento cultural. A estética dos colectivos coruñeses, sempre preocupada por elaborar unha linguaxe pulcra, distanciábase do verso militante -aínda que se lese entre liñas a implicación de varios poetas no soberanismo, ou no reintegracionismo- e adoitaba preferir a elusión ao contido frontal. Non por acaso Xulio Valcárcel asinara o manifesto *Cravo Fondo* (1977); *De Amor e Desamor* escolleuse como epígrafe reivindicando precisamente a vixencia desa temática. O clasicismo distinguiu a posta en escena do grupo, cuxos membros contaron ás veces co apoio de músicos do talle de Afonso Morán ou do tamén poeta César C. Morán Fraga. Noutras coordenadas sitúase a interpretación de textos de Lois Pereiro a cargo do grupo Radio Océano.

Cómpre buscar antecedentes partindo de certa lectura de *Con pólvora e magnolias* (Méndez Ferrín comparecerá á homenaxe que *Ilha Quente* lle tributa no Colexio Universitario) e da obra última de Cunqueiro; forneceron asemade pulo decisivo o maxisterio de Avilés de Taramancos e de González Garcés, a poesía estranxeira do XX (Konstantin Kavafis, entre eles) e especialmente a portuguesa (Pessoa, Eugénio de Andrade...) ou o neodecadentismo español. O feito de que fose convidado o núcleo vigués (Xosé M^a Álvarez Caccamo, Ramiro Fonte ou Xavier Baixeras) ás páxinas d’*Os habitantes do lago* revelou unha sintonía temática e formal que non tardou en ser unificada pola crítica.

Mesmo que se desen importantes achegas, falta relacionar o síntoma nacional que supuxeron *De Amor e Desamor* e as propostas análogas co contexto sociopolítico da II Restauración. A hexemonía do que se denomina -excluíndo o selo *Rompente* e outras poéticas, marxinais na altura- poesía dos oitenta foi case absoluta e atingiu tanto ás preferencias do público coma ao recoñecemento institucional. Tras disolverse *De Amor e Desamor* moitos dos seus autores e autoras seguiron destacando en solitario: premios, antoloxías, estudos e traducións avalan o seu percorrido. Non fan xustiza as xeneralizacións a un fenómeno ben heteroxéneo, pero seguramente a gran vitoria do grupo, alén dos achados estéticos, foi recuperar espazos que coutara a ditadura nunha cidade de longa tradición cultural burguesa.